

I. DISPOSICIÓN XERAIS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

Decreto 233/2003, do 3 de abril, de axudas ós concellos para a infravivenda rural.

O Decreto 343/1992, do 26 de novembro, de axudas ós concellos para a infravivenda rural, establecía o marco de colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os concellos de Galicia para a solución do problema das infravivendas rurais habitadas por familias con baixos ingresos, co obxectivo de que puidesen acadar unha vivenda digna conservando a súa integración social co medio.

O Decreto 195/1996, do 17 de maio, modificou determinados artigos do Decreto 343/1992, do 26 de novembro, referentes ás actuacións protexidas e á tramitación das axudas.

A disposición adicional do Decreto 127/2001, do 25 de maio, sobre subvencións a fondo perdido para a reconstrución de vivendas no medio rural de Galicia modificaba o artigo 4º do Decreto 343/1992, do 26 de novembro, no referente ás porcentaxes e contía das axudas.

A Orde do 19 de xullo de 2001 determinaba os ingresos familiares e a súa ponderación e establecía o impreso cos datos da unidade familiar e da infravivenda.

A xeral aceptación destas axudas polos concellos, así como a necesidade aínda existente de resolverlo problema da vivenda das familias con baixos ingresos que habitan en infravivendas rurais de Galicia explican a oportunidade dunha nova normativa que, por unha banda, recompila a anteriormente dispersa e, pola outra, a actualice en coherencia coas actuais disposicións da nova normativa autonómica e estatal en materia orzamentaria, procedemental e fiscal.

O presente decreto desenvolverase mediante ordes anuais que determinarán a contía dos recursos para cada exercicio orzamentario.

En virtude do anterior e por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de abril de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

A presente disposición ten por obxecto establecer o marco da colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e os concellos de Galicia, incentivados mediante subvencións a fondo perdido para a solución do problema das infravivendas rurais de modo que as familias con baixos ingresos que as habitan poidan acadar unha vivenda digna conservando a súa integración social co medio.

Artigo 2º.-Concepto de infravivenda rural.

1. Para os efectos da presente disposición enténdense por infravivendas rurais as edificacións situadas en entidades de poboación de menos de 1.500 habitantes que, sen reuniren as mínimas condicións de habitabilidade, veñen sendo utilizadas como vivendas por familias con ingresos ponderados inferiores ó salario mínimo interprofesional.

2. As anteditas condicións mínimas de habitabilidade enténdense referidas ós seguintes aspectos: seguridade e estanqueidade, condicións hixiénico-sanitarias, espacio habitable suficiente, servizos de auga e electricidade.

Artigo 3º.-Actuacións protexibles.

As axudas ós concellos previstas no presente decreto deberán destinarse a algunha das seguintes actuacións:

I. Actuacións en infravivendas ou terreos propiedade dos afectados.

A) Rehabilitación da infravivenda.

Comprende actuacións en cubertas, fachadas e carpinterías exteriores así como as dirixidas a garantir as condicións hixiénico-sanitarias e de habitabilidade e as obras de acondicionamento térmico, illamentos e estanqueidade da vivenda, mellora das instalacións eléctricas, acabamentos interiores e adaptación da vivenda para uso de minusválidos.

B) Reconstrución da infravivenda.

Comprende as actuacións de reestructuración interior e baleirados totais con mantemento de fachadas, as reconstrucións integrais e as ampliacións do volume da edificación.

C) Nova construción de vivenda unifamiliar.

Comprende a construción de vivenda nova unifamiliar con destino a realoxamento da familia que habita na infravivenda non susceptible dalgunha das actuacións precedentes.

II. Actuacións en edificacións ou terreos do concello.

D) Acondicionamento de edificacións do concello para o seu uso como vivendas.

Comprende as actuacións de rehabilitación e acondicionamento de edificacións dos concellos co fin de adaptalas para aloxamento das familias que habitan en infravivendas non susceptibles dalgunha das actuacións precedentes.

E) Nova construción de vivendas.

Comprende a construción de vivendas novas con destino a realoxamento das familias que habitan en infravivendas non susceptibles dalgunha das actuacións precedentes.

III. Requisitos das actuacións.

Tódalas actuacións se axustarán ó planeamento vixente e deberán ser coherentes coa tipoloxía tradicional da zona, e adecuadas ó medio e á paisaxe.

As actuacións deberán cumprir a normativa vixente en materia de habitabilidade, e especificamente as esixencias derivadas do Decreto 311/1992, do 12 de novembro.

Deberán, así mesmo, manter as características tipolóxicas valiosas da edificación primitiva conservando os elementos que o merezan polo seu valor artístico, histórico, arquitectónico ou da tipoloxía tradicional se os houbera.

Artigo 4º.-Beneficiarios.

Poderán solicitar as axudas reguladas neste decreto os concellos de Galicia con infravivendas rurais no seu termo, habitadas por familias con ingresos familiares que non superen o salario mínimo interprofesional.

Artigo 5º.-Axudas.

1. As axudas ós concellos para as actuacións anteriormente sinaladas poderán acadalo 80% do orzamento protexido das obras para os concellos de poboación inferior a 50.000 habitantes, e o 65% para os restantes, sen que en ningún caso poidan superar a cantidade de 20.000 euros por vivenda para as actuacións comprendidas nas letras A e D do artigo 3º deste decreto, e de 36.000 euros por vivenda para as actuacións comprendidas nas letras B, C, e E do devandito artigo.

2. As axudas da presente disposición atenderanse da forma que será establecida mediante ordes anuais da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda que determinarán:

1. A aplicación do estado de gastos dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, onde figuran os créditos para esta finalidade, con cargo á que serán atendidas as ditas axudas.

2. O importe máximo das axudas que se poderán outorgar dentro de cada exercicio orzamentario.

Artigo 6º.-Ingresos familiares.

Para os efectos do determinado no artigo 2º da presente disposición enténdese:

1. Por ingresos familiares a contía, en número de veces o salario mínimo interprofesional, da parte xeral e especial da base imponible reguladas nos artigos 38 e 39, respectivamente, da Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, isto é, antes de proceder ás deducións dos mínimos persoal e familiar, e correspondente á declaración do solicitante e ás declaracións de cada un dos demais membros da unidade familiar, presentadas no período impositivo inmediatamente anterior (con prazo de presentación vencido) á solicitude das axudas.

Se o interesado non presentase declaración por non estar obrigado a iso, a acreditación dos seus ingresos familiares efectuarase mediante declaración responsable, relativa ás mencionadas parte xeral e especial da base, reguladas nos artigos 38 e 39, respectivamente, da Lei 40/1998, do 9 de decembro, sen prexuízo da posible comprobación administrativa.

Descontaranse, en todo caso, os ingresos percibidos en concepto de pensións ou subvencións por invalidez ou minusvalidez.

2. Por ingresos familiares ponderados, os resultados de les aplicar ós ingresos familiares os seguintes coeficientes multiplicadores de ponderación en función do número de membros da unidade familiar:

Familias de 1 membro: 1.

Familias de 2 membros: 0,90.

Familias de 3-4 membros: 0,80.

Familias de 5-6 membros: 0,70.

Familias de máis de 6 membros: 0,60.

3. Por unidade familiar tal e como resulte definida polas normas reguladoras do imposto sobre a renda das persoas físicas.

As referencias á unidade familiar, para efectos de ingresos, fanse extensivas ás persoas que non estean integradas en ningunha unidade familiar.

Artigo 7º.-Solicitudes.

Os concellos que desexen acollerse ós beneficios da presente disposición formularán solicitude escrita que presentarán nas delegacións provinciais do Instituto Galego da Vivenda e Solo que correspondan por razón da situación da vivenda ou en calquera das formas previstas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, xunto coa seguinte documentación:

1. Memoria para cada unha das infravivendas obxecto das actuacións composta por:

1.1. Impreso, que figura no anexo desta disposición cos datos da unidade familiar e da infravivenda, asinado necesariamente polo cabeza de familia e, se é o caso, polo propietario do inmovible, membro da unidade familiar.

1.2. Informe social sobre a composición, idades, situación económica, de saúde, cultural e de integración social da unidade familiar, con xustificación da necesidade e do axeitado das solucións propostas.

1.3. Informe sobre a infravivenda que ocupa a familia afectada, asinado polo técnico competente relativo á súa localización, características e estado de deterioración, con reportaxe fotográfica en cor da edificación e xustificación da necesidade e idoneidade das actuacións propostas.

1.4. Proxecto técnico con memoria das actuacións propostas de entre as consideradas no artigo 3º da presente disposición, orzamento de execución material e calendario de execución.

1.5. Informe do técnico municipal de que as actuacións propostas cumpren os requisitos de planeamento, tipoloxía, habitabilidade e conservación do patrimonio esixidos no artigo 3º.III do presente decreto.

1.6. Custo total das actuacións e esquema de financiamento que xustifique a viabilidade financeira da operación.

2. Certificado do acordo da entidade local no que se solicite a subvención ó Instituto Galego da Vivenda e Solo aceptando os termos da presente disposición e de conformidade coa memoria, orzamento e prazo, que figuran no punto anterior, facultándose o alcalde para aceptación da subvención.

3. Declaración do conxunto de tódalas subvencións solicitadas ou concedidas, para as actuacións obxecto desta solicitude, das administracións públicas ou doutros entes públicos.

Artigo 8º.-Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes comenará o día da entrada en vigor da presente disposición e rematará o día 31 de decembro de 2005.

A finalización do prazo de presentación de solicitudes poderase modificar por orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda en función dos recursos orzamentarios e do número de solicitudes presentadas.

Artigo 9º.-Aprobación inicial.

Á vista da documentación presentada e logo das comprobacións que se consideren pertinentes, o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, por proposta do delegado provincial, procederá a outorga-la aprobación inicial do expediente, no caso de cumprilos requisitos esixidos, ou a denegala no caso de non cumprilos, con notificación ó concello.

Non obstante, se non existise crédito orzamentario, resolverase a aprobación no momento en que exista cobertura orzamentaria.

A aprobación inicial comprenderá as actuacións que se van realizar así como as condicións que se coiden necesarias para a súa execución, o prazo de execución das obras, o orzamento protexido, a porcentaxe en función da poboación do concello ó abeiro do determinado no artigo 5º deste decreto e a contía da subvención inicialmente aprobada.

O prazo de execución non poderá exceder dun ano a partir da data de notificación da aprobación inicial para as actuacións de rehabilitación comprendidas no punto I.A do artigo 3º da presente disposición e de dous anos para as restantes actuacións.

Excepcionalmente por causa xustificada e por petición motivada do concello, poderase conceder unha ampliación do prazo establecido que non exceda da metade del.

O non cumprimento dalgún dos requisitos establecidos na presente disposición ou o feito de que as actuacións obxecto da solicitude xa estiveran realizadas con anterioridade ó momento da solicitude das axudas, será motivo da denegación da aprobación inicial do expediente.

O concello beneficiario dispoñerá do prazo dun mes contado a partir da notificación da aprobación inicial para remiti-lo escrito do alcalde aceptando a subvención nas condicións establecidas na resolución aprobatoria.

Transcorrido o devandito prazo sen que se produza a aceptación por parte da entidade solicitante entenderase que desistiu da súa petición, que se arquivará sen máis trámite, salvo por circunstancias excepcionais que deberán xustificarse dentro do prazo.

Artigo 10º.-Aprobación final.

O concello beneficiario, unha vez executadas as obras inicialmente aprobadas dentro do prazo concedido para o efecto, disporá dun prazo de 15 días para comunicar por escrito á Delegación Provincial do Instituto Galego da Vivenda e Solo a súa finalización, xuntando fotografías que mostren as obras realizadas, así como a acta de recepción e certificación valorada aprobada polo concello da total execución das obras inicialmente aprobadas.

A falta de comunicación no dito prazo do concello, salvo causa xustificada, dará lugar á denegación da aprobación final por incumprimento das condicións da aprobación inicial.

O director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, por proposta do delegado provincial, á vista da documentación presentada, logo das comprobacións que se consideren oportunas, procederá a outorgar ou denegar, según se cumpran ou non as condicións, a aprobación final para o expediente con notificación ó concello interesado.

Na resolución de aprobación final constará o orzamento efectivamente executado e o importe da subvención aprobada.

Será motivo de denegación da aprobación final non executa-las obras obxecto da aprobación inicial dentro do prazo concedido para o efecto, así como non executalas segundo o proxecto aprobado.

Non obstante, poderá outorgarse a aprobación final naqueles casos en que, conseguida a seguridade estrutural e a habitabilidade da vivenda e cumpridos os demais requisitos, se comprobe que as obras executadas de entre as inicialmente aprobadas chegan como mínimo ó 75% do orzamento protexido. Neste caso, a contía da subvención limitarase á porcentaxe inicialmente aprobada do orzamento efectivamente executado.

No caso das actuacións cun prazo inicial de execución superior a un ano, logo de que o concello certifique a realización do 50% da actuación prevista, o director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo, por proposta do delegado provincial, poderá resolve-la aprobación e o pagamento do 50% da subvención inicialmente aprobada e o 50% restante logo da finalización das actuacións inicialmente aprobadas e a aprobación final do expediente.

Non obstante, se non existise crédito orzamentario, resolverase a aprobación no momento en que exista cobertura orzamentaria.

Os concellos beneficiarios, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentarán unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas administracións públi-

cas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

Contra as resolucións de aprobación ou denegación, inicial e final do expediente poderase interpoñer recurso dealzada perante o conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ó da notificación da resolución.

Artigo 11º.-Obrigas.

1. A vivenda resultante das actuacións subvencionadas de entre as sinaladas no número I do artigo 3º desta disposición deberá dedicarse a residencia habitual e permanente durante polo menos 5 anos, da unidade familiar que ocupaba a infravivenda.

2. As vivendas resultantes das actuacións recollidas no punto II do devandito artigo quedarán vinculadas á solución do problema da infravivenda definido na presente disposición.

Artigo 12º.-Facultade de inspección.

1. Desde o momento da presentación da solicitude, o Instituto Galego da Vivenda e Solo poderá realizar tódalas inspeccións ou comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados, a execución das obras aprobadas ou o destino da subvención concedida.

2. Os concellos están obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas ou o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

Artigo 13º.-Garantías.

1. O incumprimento das condicións establecidas para a aprobación das axudas determinará a obriga do reintegro por parte do concello beneficiario dos recursos achegados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a aprobación da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión das axudas.

Artigo 14º.-Prazos de resolución.

De acordo co artigo 42.2º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, o prazo máximo establecido para resolver e notificar as resolucións de aprobación inicial e final será de seis meses. Así mesmo, segundo o disposto no artigo 44.1º da antedita lei, vencido o prazo máximo establecido sen que se dictara e notificara a resolución, os concellos interesados poderán entender desestimadas as súas pretensións por silencio administrativo.

Artigo 15º.-Compatibilidade.

Os beneficios establecidos na presente disposición:

1. Son incompatibles con calquera outra axuda con cargo ós orzamentos do IGVS ou do Ministerio de Fomento, destinada ás mesmas actuacións.

2. Non poderán concederse a aqueles concellos que, ó abeiro de calquera norma autonómica reguladora de axudas para a infravivenda rural, as teñan solicitado para a mesma infravivenda nos catro exercicios inmediatamente anteriores ó da presentación da solicitude, coa excepción daqueles casos en que as solicitudes remataran o seu procedemento sen obter beneficio ningún.

Disposición transitoria

As axudas económicas solicitadas dentro de prazo ó abeiro de convocatorias anteriores seguirán tramitándose conforme a normativa aplicable a elas, se ben o seu outorgamento quedará supeditado ó cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente sobre outorgamento de subvencións e, en especial, dos establecidos no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, modificado pola Lei 8/1999, do 30 de decembro.

Así mesmo, a tramitación administrativa levada a cabo conforme a normativa anterior entenderase sempre sen prexuízo da aplicación da normativa en vigor reguladora do réxime e control da aplicación das subvencións públicas.

Disposición derogatoria

Quedan derogados os decretos 343/1992, do 26 de novembro, 195/1996, do 17 de maio e 127/2001, do 25 de maio e a Orde do 19 de xullo de 2001, así como todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ó establecido neste decreto, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-O conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda poderá dictar, no marco das súas competencias, as disposicións necesarias para o desenvolvemento e aplicación do presente decreto.

Segunda.-O presente decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de abril de dous mil tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Alberto Núñez Feijóo
Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda

ANEXO



CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO

PROCEDEMENTO AXUDAS ÓS CONCELLOS PARA A INFRATIVENDA RURAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO OT406A
--	---

CONCELLO DE

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR E DA INFRATIVENDA

NOME E APELIDOS DO CABEZA DE FAMILIA			DNI / NIF
INGRESOS FAMILIARES	Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	COEFICIENTE DE PONDERACIÓN APLICADO	INGRESOS FAMILIARES PONDERADOS
SITUACIÓN DA INFRATIVENDA (LUGAR, RÚA, PRAZA)			
PARROQUIA			Nº DE HABITANTES DA ENTIDADE DE POBOACIÓN

ACTUACIÓNS PREVISTAS POLO CONCELLO

INFRATIVENDA	Nº	ORZAMENTO DAS OBRAS
1.- Actuacións en infravivendas ou terreos propiedade dos afectados.		
A) Rehabilitación da infravivenda	<input type="text"/>	_____ €
B) Reconstrucción da infravivenda	<input type="text"/>	_____ €
C) Nova construción da vivenda unifamiliar	<input type="text"/>	_____ €
2.- Actuacións en edificacións ou terreos do concello.		
D) Acondicionamento de edificación do concello para o seu uso como vivendas	<input type="text"/>	_____ €
E) Nova construción de vivendas con destino a realoxamento das familias que habitan en infravivendas	<input type="text"/>	_____ €

COMPROMISOS

O cabeza de familia asinante
DECLARA
 Que tódolos datos que figuran neste impreso son certos e que
COÑECE e AUTORIZA as actuacións propostas polo concello para solucionar-la situación de infravivenda ó abeiro das disposicións de axudas vixentes ós concellos para infravivenda rural.
 No caso de que a actuación esté comprendida nalgún dos supostos A), B) ou C) do número I do artigo 3º do Decreto ____/2003, do _____, a referida autorización implica a da realización das obras precisas no inmovible do que se trata, comprometéndose a destina-la vivenda a residencia habitual e permanente propia e da súa familia durante o período previsto nas ditas disposicións ⁽¹⁾.

Sinatura e selo do Concello Sinatura do cabeza de familia Sinatura do/a propietario/a

⁽¹⁾ No caso de que o propietario do inmovible, membro da unidade familiar, sexa persoa distinta do cabeza de familia, este escrito deberá estar asinado polo propietario e polo cabeza de familia.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Decreto 233/2003, do 3 de abril, de axudas ós concellos para a infravivenda rural.

de de 200

Decreto 234/2003, do 3 de abril, sobre subvencións a fondo perdido para a rehabilitación de inmobles situados en conxuntos históricos galegos.

O Real decreto 1/2002, do 11 de xaneiro, establece o marco normativo de financiamento de actuacións protexidas do Plan de Vivenda e Solo para o período 2002-2005.

Estando en execución as actuacións acollidas ós plans de vivenda 1998-2001 e 2002-2005 e asinados diversos convenios referentes a áreas de rehabilitación coincidentes cos conxuntos históricos de diversos concellos de Galicia, seguen vixentes os motivos que xustifican a oportunidade e necesidade de continuar coa liña de axudas tendente ó rescate, conservación e ordenación dos ditos conxuntos históricos galegos e a publicación dunha nova normativa que, en coherencia co novo Plan de Vivenda, articule estas subvencións como unha liña máis de axuda entre as previstas para a vivenda con carácter permanente ata o ano 2005.

Así pois, este decreto ten por obxecto a regulación e coordinación co marco normativo dos plans de vivenda das axudas ós promotores de actuacións de rehabilitación en vivendas e edificios con destino a vivenda situados nos conxuntos históricos galegos, nos núcleos históricos con planeamento especial oficialmente aprobado e nas entidades de poboación polas que discorre o Camiño Francés de Santiago.

Este decreto desenvolverase mediante ordes anuais que determinarán a contía dos recursos para cada exercicio orzamentario.

En virtude do anterior e por proposta do conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de abril de dous mil tres,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

1. Esta disposición aplicarase ó fomento e á protección da rehabilitación de vivendas situadas en:

a) Zonas de rehabilitación de núcleos históricos por fomento da iniciativa privada que serán delimitadas por acordo municipal e terán que estar incluídas obrigatoriamente na delimitación de conxunto histórico-artístico oficialmente aprobada.

b) Núcleos históricos con Plan Especial de Protección e Reforma Interior oficialmente aprobado.

c) Entidades de poboación que figuran no anexo III, polas que discorre o Camiño Francés de Santiago.

Artigo 2º.-Actuacións protexibles.

1. As actuacións de rehabilitación que poderán acollerse a este decreto serán o conxunto de obras necesarias para acadalo necesario nivel de adecuación nos seguintes aspectos:

a) Condicións estruturais-seguridade.

1. Elementos estruturais e constructivos.

2. Adecuación ou realización de instalacións en xeral.

3. Mellora das condicións de illamento en xeral.

4. Medidas de seguridade (incendios, sinistros, etc.).

5. Acabados de elementos comúns.

b) Habitabilidade.

1. Programa funcional das vivendas.

2. Dimensións da vivenda e as estancias.

3. Adecuación e funcionalidade das diferentes instalacións.

4. Condicións de ventilación, iluminación e aireación.

5. Mellora das condicións constructivas.

c) Condicións artísticas: protección patrimonial.

1. Melloras do volume externo.

2. Melloras de elementos singulares.

2. As condicións a que se refire o punto anterior serán as mínimas esixibles, sendo complementarias das determinacións derivadas do planeamento urbanístico que, se é o caso, afecten ós núcleos históricos.

3. As obras relativas á adecuación estrutural e de seguridade serán preferentes ás previstas en materia de habitabilidade e protección patrimonial, polo que non poderán solicitarse estas se o inmovble precisase a realización das primeiras.

O nivel mínimo de adecuación nos aspectos a que se refire este artigo é o establecido no anexo I desta disposición.

4. Establécense como prezos máximos os das distintas partidas da base de datos da construción de Galicia publicadas, e para as partidas non definidas determinaranse os rendementos por asimilación doutras partidas.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

O Instituto Galego da Vivenda e Solo concederá as axudas a promotores de actuacións de rehabilitación de vivendas e edificios con destino a vivenda situados nas zonas, núcleos e entidades establecidos no artigo 1º.

Artigo 4º.-Axudas.

1. A Comunidade Autónoma de Galicia, con cargo ós orzamentos do Instituto Galego da Vivenda e Solo e dentro das disponibilidades orzamentarias que poidan consignarse en cada exercicio económico, que se cuantificarán nas respectivas ordes anuais, poderá subvencionar as actuacións recollidas no artigo 2º nunha contía equivalente ó 30% do custo real das actuacións de rehabilitación determinado polo prezo total do contrato de execución, os honorarios facultativos e de xestión e os tributos satisfeitos por razón das actuacións. A devandita subvención terá un límite absoluto de 4.250 euros por vivenda.

2. As axudas desta disposición atenderanse da forma que será establecida mediante ordes anuais da Con-